

ABAU 2024
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ANALISE MUSICAL II
(Cód. 80)

A distribución da puntuación para cada pregunta e/ou apartado é a que figura no MODELO DE EXAMEN publicado na páxina oficial da CIUG.

Con carácter xeral tomaráanse como modelos de resposta para cada tipo de pregunta, os descritores incluídos nos ANEXOS correspondentes, do documento CONTIDOS desta materia, publicado na páxina da CIUG.

Con carácter máis concreto, atenderase ás indicacións que seguen, para cada tipo de pregunta.

Comentario audición (2,5 pts por audición)

1.1 Título 0,15 pts.; autor/a 0,15 pts.; cronoloxía: se é todo o precisa que a obra o permita 0,20 pts.; se é aproximativa 0,10 pts.

1.2 Análise 1,5 pts.

- Comentario técnico 1 pto. A distribución da puntuación entre os diferentes ítems a comentar tal e como están propostos no modelo de examen (instrumentación, melodía, ritmo, etc.) é aberta, toda vez que os diferentes ítems, poden non estar presentes en todas as audicións posibles da proba; ou poden estarlo con un grao de relevancia moi variable, dentro do comentario xeral dos aspectos formais da obra.
- Tendo en conta o formato de resposta aberta, valorarase ademais da completitude do comentario técnico, a redacción do texto: orde expositiva, corrección textual (gramatical e ortográfica), concisión, claridade e uso de vocabulario específico con ata 0,5 pts.

1.3 Xénero 0,25 pts; contexto histórico 0,25 pts.

Temas a desenvolver (1,25 pto por tema)

- Completitude dos conceptos e datos referidos ao tema 1 pto.
- Redacción da resposta: pulcritude, orde expositiva, corrección textual (gramatical e ortográfica), concisión, claridade e uso de vocabulario específico 0,25 pts.

Definición de conceptos (0,5 pts por concepto)

- Pola definición completa e correcta de cada concepto 0,5 pts.
- Pola definición incompleta ou incorrecta en parte, mais con parte da información correcta de cada concepto 0,25 pts.

Exercicios técnicos (0,5 pts por exercicio)

- Pola realización completa e correcta de cada exercicio 0,5 pts.
- Pola realización incompleta ou incorrecta en parte, mais con parte da realización correcta en cada exercicio 0,25 pts.